


## PEZA DO MES

setembro

2009



**FRAGMENTO DO PARAMENTO DE PECHE DO  
CORO MEDIEVAL DA CATEDRAL DE OURENSE**



SEPOLCRO DO BISPO DON LORENZO. CATEDRAL DE OURENSE

## FRAGMENTO DO PARAMENTO DE PECHE DO CORO MEDIEVAL DA CATEDRAL DE OURENSE

Entre as pezas que conserva o Museo procedentes da catedral auriense encóntrase este bloque granítico, de forma prismática, labrado con ornamentación gótica de tipo arquitectónico, que ten como medidas máximas 55 cm de altura por 29 de ancho e 25,5 de grosor. Aparece decorado nas dúas caras maiores mediante dúas longas e estreitas fiestras oxivais trilobuladas e aspilleiradas entre as que se dispón un óculo cun cuadrilóbulo inscrito. Como remate, un gablete ornado con frondas e un florón no cumio e dúas semitorres ameadas aos lados que deixan espazo a dous trilóbulos. Os motivos decorativos sitúanos nos últimos anos do século XIII ou comezos do XIV.

Esta peza, ingresada como doazón do vello amador da arqueoloxía e a arte don José González Paz non posúe información complementaria sobre localización orixinal, aínda que non presenta dúbidas a súa vinculación con outras semellantes da Catedral de Ourense, ligadas de sempre ao primitivo coro gótico.

Certamente as referencias a ese vello coro son escasas e fragmentarias e só un documento do cóengo e notario apostólico Juan Pérez de Nóvoa, de finais do século XV –recuperada por Duro Peña no seu libro *La música en la Catedral de Orense*, 1996– deita algo de luz sobre a súa forma e función.

Aínda que non fai referencias explícitas ás pezas decoradas como a que presentamos, é de interese a concreción formal da eterna dicotomía entre o poder real e o do cabido catedralicio no vello coro, así como a referencia á extrema pobreza dun coro con sillars supostamente de madeira delimitado por unha estrutura pétreo en U, na que estaría incluída esta peza. Dicía Juan Pérez de Nóvoa:

*“... Vi el coro viejo (...) y era sumamente pobre. Las sillas de los canónigos no tenían espaldares más de hasta los hombros, estando asentados, y hasta la cintura, estando de pie, y de la misma manera la de los racioneros; y había*

*solo dos puertas, la principal y una trasera, que estaba donde ahora está la silla del obispo; y al entrar del coro, la primera silla alta del lado del deán era una silla con chapital alto y en las espaldas o espaldar estaba pintado un rey con corona real y cetro dorado en la mano y nadie se sentaba en ella; y al lado de la epístola, enfrente de la silla del rey, estaba otra silla alta con chapital alto y en el espaldar estaba pintado un obispo con su mitra, y ésta era silla propia de los obispos (...) Y hasta entonces (en el coro nuevo, en que el obispo tenía la silla en el centro) el obispo para asistir a las horas ocupaba la silla del chantre y hacía coro con el deán, teniendo al chantre a mano derecha en su coro, y esta debió ser la causa por que, sirviendo ambas dignidades en los pontificales, el chantre se está a mano derecha y el deán a la izquierda, habiendo de ser lo contrario”.*

Anos despois, está perfectamente documentada a realización baixo o bispado de don Pedro González de Acevedo, dunha nova sillería de coro da que son autores Xoán de Anxés o Mozo e Diego Solís. A realización e montaxe prodúcese entre os anos 1587 e 1590 e ocupou o mesmo espazo do vello coro –os tres primeiros tramos da nave desde o transepto–, que se manterá ata 1937. Nesa data foi desmontada a sillería e repartida entre diversas dependencias catedralicias con desigual resultado estético (capela do Santo Cristo, capela Maior e Museo Catedralicio, entre outras), ao tempo que se trasladaron ao cruceiro as reixas de Celma que pechaban o coro e a capela maior, trasladouse tamén a Capela do Rosario que ocupaba o trascoro, e se suprimiron os paramentos que delimitaban o espazo fronte ás naves.

As referencias a convivencia entre os materiais do vello coro, fundamentalmente do antigo paramento gótico do que formaría parte a peza presentada, e a sillería renacentista, son recorrentes:

En 1913 escribía Benito Fernández Alonso nas páxinas do *Boletín de la Comisión de Monumentos*:

*“Antes del coro actual de la catedral de Orense, existía otro menos artístico, (...) y no há mucho que se guardaban en el templo algunos restos de aquél, pertenecientes á la escultura ojival (...). Parte de la sillería fué regalada para el convento de Padres franciscanos de Ribadavia, y el resto de sillones fué enajenado á bajo precio”.*

Máis datos en canto á posible disposición e peche do antigo coro achega Sánchez Arteaga nos *Apuntes histórico-artísticos de la Catedral de Orense* que, anotados por don Cándido Cid, foron editados en 1916:

*“Antes de fabricarse esta sillería, los asientos más dignos en la antigua fueron los inmediatos a la reja de la entrada principal del coro, de modo que la silla del Rey era la primera en aquel sitio del lado del Evangelio, y la del Prelado en la de la Epístola(...)*

*Ocupa el coro las tres bóvedas de la nave mayor inmediatas al crucero, y le cierran exteriormente, por delante las rejas, por el respaldo y los costados muros de bastante elevación; el del primero de estilo greco-romano en cuyo centro está la capillita de Nuestra Señora del Rosario..., y los de los segundos, sencillos, si se prescinde de los sillares empotrados enfrente como a la mitad de su altura, labrados con vistosa y delicada ornamentación*



SEPULCRO DA INFANTINA. CATEDRAL DE OURENSE

*ojival. Esta circunstancia, la de estar los de cada lado en la misma línea, medir unos y otros igual longitud y ser ésta la del coro, nos hacen suponer que serían estos sillares los que coronaban el cerramiento del antiguo, y que al construirse la nueva sillería se levantó sobre ellos el resto del muro hasta donde hoy alcanza por exigirlo así su mayor elevación”.*

Deste último texto dedúcese que a maior parte dos elementos de peche do coro gótico foron reutilizados ou conservados ao construírse o novo coro e que se mantiveron no seu lugar ata o momento en que se levaron a cabo as obras para a súa eliminación.

Así pois, parece claro que coas transformacións de finais do século XVI –se cadra en 1588 cando o mestre de cantería Gonzalo Fatón foi contratado polo Cabido para abrir unha porta no Coro, ou no momento de construción da Capela do Rosario no trascoro– os restos decorativos foron divididos e correron dúas sortes distintas.

Como dicimos, seguindo a Sánchez Arteaga, uns foron mantidos como friso homoxéneo no paramento pétreo do novo coro, quedando na súa cara externa a media altura ao elevárense considerablemente os muros por mor da construción da nova sillería, e continuaron nesa ubicación ata 1937 en que foron resituados en tres localizacións distintas dentro da catedral ao ser eliminado o coro.

Nun interesante documento da sesión do 10 de agosto de 1937 da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, dado á luz no excelente traballo de Eva Rodríguez Romero “El coro de la Catedral de Orense: un análisis espacial”, publicado no *Boletín Auriense* XXV, 1995, sinálase dentro do conxunto das reformas, o seguinte:

*Los sillares empotrados como a la mitad de su altura en los lienzos exteriores del actual coro, labrados con vistosa y delicada ornamentación ojival, se colocarían cubriendo los cuatro costados de la mesa del altar,... y los sillares sobrantes podrían colocarse cubriendo el espacio que media desde la columna inmediata a la entrada del vestuario y el sepulcro del obispo D. Lorenzo(...)*

Así pois, estes sillares empregáronse na base do altar como indica o Sr. Bugallo Pita –colaborador do enxeñeiro redactor do plan de reforma, don Alejandro San Román– pero a aparición do chamado sepulcro da Infantina nas obras realizadas na Capela Maior, deberon aconsellar a utilización dos restantes elementos decorados nos basamentos do sepulcro do bispo Lorenzo (para outros Pedro Yáñez de Nóvoa) –en vez de no seu lateral– e no propio do da Infantina, relocalizado baixo o arco da fiestra da capela das Neves.

Outras pezas desbotadas na reforma de finais do século XVI, poderían ter sido espalladas como material de construción e recheo por distintas localizacións, tanto da catedral –recentemente apareceron restos nas obras de reposición do piso da nave central– como noutros espazos máis ou menos relacionados con ela.

Dous fragmentos vinculados formalmente co que presentamos, foron localizados en 1982 como material de recheo baixo as lousas de pedra nos baixos do edificio nº 6 da rúa Lepanto, cando se estaban a realizar as obras para acondicionalo como futuro Museo municipal. A casa fora levantada pola familia Méndez Montouto no ano 1598 polo que as datas de reutilización cadran perfectamente e non habería que pensar en materiais de entullo provenientes da antiga función de “obradoiro” de pedra da zona, como nos lembra o nome de Rúa da Obra. Estas pezas foron dadas a coñecer nun artigo publicado por Rivas Fernández no diario *La Región* o día 8 de decembro de 1982.

En 1984 na zona do Camiño Caneiro, ao abriren a actual rúa Ramón Cabanillas, non lonxe do lugar de moradía do deán Bedoya e onde aparecera a ara de Tellus que existe no Museo Catedralicio, foi localizado como basamento dun muro de coios, outro resto vinculable –iso que cun fragmento de arco polo que, de ser elemento do coro, debía ter unha función específica dentro do paramento–. Cremos que non é absurdo pensar nun posible traslado de materiais a unha construción relacionada co deanato da catedral que podería ter habido nesa ubicación. Limia Gardón deu a coñecer o mesmo nun artigo en *La Región* o 29 de xaneiro de 1984.

Así mesmo, outro fragmento quizais relacionable aparece hoxe embutido nunha das paredes do baixo do Pazo dos Armada ou Casa de María Andrea, na Praza do Eirociño dos Cabaleiros, que deron a coñecer Fernández Quintela e Xusto Rodríguez no seu completo estudo sobre dita edificación nas páxinas do *Boletín Auriense* no ano 1999.

En resume. Habería na nosa catedral un coro delimitado por un paramento pétreo, de finais do s. XIII que acollería a unha modesta sillería gótica de madeira, que puido ter sido cambiada a mediados do XV por outra da que falan algúns autores.

A finais do século XVI transformaríase o espazo, ampliando as entradas ao coro e substituíndo a vella e modesta sillería por outra renacentista, mantendo a maioría dos materiais decorativos do paramento do coro, mentres que outros, utilizados como entullos e materiais de recheo van aparecendo en distintas localizacións.


As reformas de 1937 coa eliminación do coro na nave central conferirán á Catedral a súa estética actual.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h  
16,00 a 21,00h  
domingo: 9,30 a 14,30h  
luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO